

B A N D O

D. JOSÉ A. EIRAS PAZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MORAÑA.

FAI SABER:

Que a Consellería do Medio Rural (Xunta de Galicia) convocou as seguintes axudas para o ano 2010.

AXUDAS PARA O FOMENTO DA SILVICULTURA



- + BENEFICIARIOS: Comunidades de montes veciñais en man común, propietarios particulares, etc.
- + ACTUACIÓNS FORESTAIS SUBVENCIONABLES:
 - Rareos en masas de coníferas (pino) con diámetro normal medio de masa inferior a 12 cm.
 - Rozas previas ás podas, e podas en masas de coníferas (pino).
 - Tratamentos silvícolas en masas de frondosas, caducifolias, sobreiras e aciñeiras con diámetro normal medio da masa comprendido entre os 10 e os 20 cm.
 - Rexeneración e/ou mellora de soutos de castiñeiros cunha densidade mínima de 100 pés/ha.
 - Tratamentos silvícolas en masas de eucaliptos có obxectivo de obter madeira de calidade para serra ou chapa, en queda de 25-30 anos.
- + IMPORTES DAS AXUDAS: Como máximo o 50% do valor máximo de investimento dos traballos silvícolas subvencionables.
- + PRAZO: O prazo de presentación de solicitudes remata o **5 febreiro de 2009**.

AXUDAS PARA A PREVENCIÓN DE ATAQUES DO LOBO AO GANDO



- + BENEFICIARIOS: Gandeiros con explotacións das especies ovina, vacúa e cabrúa, que teñan o gando identificado e saneado de acordo coa normativa aplicable para o efecto e que acrediten a súa inclusión no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.
- + ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES: Adquisición de pastores eléctricos e cans mastíns, o emprego de curros con malla electrificada e a instalación de cercados con malla ovelleira e postes de madeira tratada, cuxa adquisición teña lugar entre o 1 de xaneiro e o 20 de setembro de 2010.
- + IMPORTES DAS AXUDAS: As axudas concedidas poderán cubrir a totalidade do custo de adquisición das actuacións obxecto de axuda (coas limitacións indicadas na correspondente Orde de contías máximas de axuda e conceptos subvencionables).
- + PRAZO: O prazo de presentación de solicitudes remata o **5 febreiro de 2009**.

INFORMACIÓN E ASESORAMENTO: Concello de Moraña (986 55 30 05)

Moraña, 8 de xaneiro de 2010

O ALCALDE

JOSÉ A. EIRAS PAZ